

MESA SECTORIAL DO DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2019

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 6 DE XUÑO E 24 DE SETEMBRO.

Apróbanse as actas das sesións mencionadas unha vez feitas as alegacións por parte de todas as Organizacións Sindicais. Desde ANPE facemos constar ademais que se debe manter unha proporcionalidade nas actas entre as diversas Organizacións Sindicais xa que non nos parece normal que as actas recollan extensamente as intervencións dalgunha organización e nos adiquen á nosa dúas liñas cando a intervención é igual de extensa e traballada ca do resto.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS ESPECÍFICO ENTRE PERSOAL FUNCIONARIO DOCENTE DO CORPO DE MESTRES E DO CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, PARA CUBRIR PRAZAS NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN E PROMOCIÓN DE ADULTOS.

Agradecemos a rectificación por parte da Administración e a decisión de convocar este concurso de traslados específico que xa demandamos no seu momento.

Unha vez feita esta consideración inicial, indicar que este non é o noso modelo de concurso fundamentalmente pola meritocracia do baremo de puntuación.

En relación ao tema da compulsa da documentación desde ANPE trasladamos á Administración a problemática existente nos Rexistros (onde se negan a facer compulsa de documentación). Ante a resposta da Administración de que non é necesario entregar documentación compulsada engadimos que se puido aclarar nas instrucións ao comezo do proceso e indicar na disposición 11ª dita forma de participación e como novidade xa que ata o de agora non se puido utilizar, de feito non hai un procedemento específico polo que, o profesorado cree que non pode usar esta vía de presentación de solicitudes.

Solicitamos que se permita a participación do profesorado en prácticas xa que non debería supoñer ningún problema a súa participación ao participar con 0 puntos e soamente pola especialidade de oposición.

Por outra parte demandamos que se permita a participación do profesorado que está no seu primeiro ano de destino definitivo por varios motivos: en primeiro lugar porque é unha reivindicación que ANPE fai en todo tipo de concurso xa que consideramos que se debe facilitar a mobilidade de todo o profesorado, tamén porque este concurso non se convoca desde o ano 2016 e non é agardado polo profesorado, o concurso de traslados do curso pasado foi moi bo o que provocou que moita xente obtivese destino definitivo; aínda que o argumento fundamental para ANPE é que consideramos que normativamente é posible xa que os artigos 89 e 91 da Lei 2/2015 así o avalan. **A Administración resposta que non o vai abrir. Considera que a Lei 2/2015 nese apartado exclúe aos funcionarios docentes que teñen unha normativa específica e os concursos específicos dos que fala esa Lei fan referencia aos postos que antes se cubrían por libre disposición. A Administración considera que non é de aplicación esta normativa ao persoal docente e ademais considera que, ao seu xuízo, non hai xustificación para permitir esta participación neste caso concreto.**

En relación ás vacantes, desde ANPE demandamos que as vacantes pasen por negociación nas Xuntas de Persoal. Con respecto ao Anexo da proposta de vacantes botamos en falta 1 vacante de primaria na EPA Eduardo Pondal, 1 de francés na EPA de Albeiros, 1 de galego na EPA de Pereiro de Aguiar. En relación á EPA do Berbés trasladar á Administración un escrito da dirección da mesma na que se informa de que non coinciden as vacantes propostas na Orde coas necesidades do centro.

En relación ao baremo de puntuación desde ANPE solicitamos a supresión do apartado 6.4 xa que non estamos de acordo coa valoración de postos ocupados na Administración e que son nomeados a dedo. Solicitamos que se valore aos responsables de centros de menos de 3 unidades.

Desde ANPE tamén solicitamos que o Máster do Profesorado sexa valorado no apartado específico do baremo cando non sexa requisito como é o caso que nos ocupa.

Demandamos que se estableza o plus de perigosidade para o profesorado das EPA en centros penitenciarios.

Con respecto á resolución dos diversos concursos que están actualmente convocados, desde ANPE Galicia solicitamos que se resolvan nesta orde: primeiro o Concurso de Orientación, despois o Concurso de Adultos e, por último, o Concurso Xeral de Traslados.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **Insistimos en que a Administración se abra á negociación da redución do horario lectivo ás 18 e 21 horas**, máxime agora que se acaban de adherir as dúas organizacións sindicais con representación do profesorado e que non están na Mesa Sectorial.
- **Con respecto ás reducións de xornada por coidado de familiar a nosa normativa de licenzas e permisos recolle a situación de redución de xornada cando existe garda legal. Sen embargo a Lei de Emprego Público contempla que se debe recoller a casuística de garda legal e sen garda legal. Debe regularse na nosa normativa específica de licenzas e permisos.**
- En relación á Oferta de Emprego Público e a Orde de convocatoria de oposicións demandamos que a oferta e as especialidades pasen pola Mesa Sectorial para unha negociación real e efectiva das mesmas. Trasladar tamén, para que apareza recollida na Orde de Convocatoria de oposicións que veña á Mesa Sectorial a posibilidade de que todos os membros dos equipos directivos e non soamente o director/a poidan renunciar voluntariamente a formar parte dos tribunais. **A Administración está analizando a oferta e cando estea lista convocará a Mesa. Con respecto a incluír na exclusión a todos os membros dos equipos directivos a Administración o estudará aínda que, a priori, non é moi favorable xa que afecta a moitas persoas.**
- Demandamos que as coordinacións dos programas internacionais se aboem en todos os casos xa que actualmente soamente está cobrando o coordinador/a deste tipo de programas nos CIFP. Entendemos que a normativa da Unión Europea é clara no senso de que a igual traballo igual retribucións.
- Demandamos que se faga unha previsión con tempo da apertura de listas que están a piques de esgotarse para poder facer unha baremación axeitada e sen precipitacións.
- **Desde ANPE Galicia demandamos novamente o cobro dos meses de verán para os substitutos que acrediten ter traballado máis de 5,5 meses ao longo do curso.** E o facemos non soamente por motivos económicos. Moitos opositores poden deixar de acadar a súa praza porque non se lles reconece administrativamente ese tempo a diferenza do que fan noutras comunidades. Non queremos que o profesorado opositor galego estea en situación desfavorecida con respecto a outros opositores doutras comunidades.

MESA SECTORIAL



- Con respecto ás itinerancias denunciar novamente que os Centros Rurais Agrupados non as estean a aboar baseándose nunha suposta circular que non damos atopado por ningures na que se afirma que non se aboan precisamente por ser CRAs. **A Administración resposta que está claro que nas itinerancias hai redución horaria e cobro e que o persoal dos CRAs se considera itinerante a todos os efectos.**
- Solicitamos a urxente publicación da Orde de titulacións e, polo tanto, a actualización inmediatas das listas de substitucións. **A Orde de titulacións está enviada para ser publicada no DOG esta semana. A actualización das listas é inminente.**
- Solicitamos unha aclaración de como está administrativamente a situación do recoñecemento como servizos prestados das vacacións cobradas e non gozadas. **A Administración resposta que o proceso de recoñecemento se estima que estea rematado no próximo mes de Febreiro, despois restaría por rematar o aboamento.**
- Así mesmo solicitamos unha aclaración sobre como está o tema da percepción do complemento do profesorado que está máis de 90 días de baixa. **A Administración resposta que o está a facer desde o 1 de Xaneiro. Hai diferencias no aboamento en función das provincias. Hai provincias que xa teñen feito case o 100% dos casos e outras van máis retrasadas. Recordamos ao profesorado afectado que na súa nómina aparecerá como concepto: Complemento LE**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:00 horas.

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA